

## OPE ORDINARIA DO SERGAS, SEN O 100% DAS VACANTES

O Decreto de oferta de emprego do 2017 do SERGAS incluírá 1616 prazas, 820 que corresponden ás xubilacións do ano 2016, e 796 prazas da taxa de reposición adicional.

CIG-Saúde denunciámos que non se recollen as vacantes xeradas entre o 2010 e o 2012, e tampouco se contan as vacantes anteriores ao ano 2005 e que non tiveron convocatoria de OPE.

O sistema de selección será o concurso-oposición. Reservarase un 7% das prazas para a quenda de discapitados/as, sendo un 5% para discapacidade xeral e un 2% para discapacidade intelectual.

	Oferta 2015	Oferta 2016			Oferta 2017			TOTAL
	Libre + PI	Libre + PI	Disc. Xeral	Disc. Intelectual	Libre + PI	Disc. Xeral	Disc. Intelectual	
<b>LICENCIADA/A SANITARIA/O</b>								
Médica/o de familia de A.P.		78	5		150	8		241
<b>DIPLOMADA/O SANITARIO E DE FORMACIÓN PROFESIONAL</b>								
Enfermeira/o		132	8		655	35		830
Enfermeira/o esp. en Enf. Familiar e comunitaria					9	1		10
Enfermeira/o esp. en Enf. Pediátrica						4		4
Enfermeira/o esp. en Enf. de Saúde mental						18	2	20
Enfermeira/o esp. en Enf. do traballo						2		2
TCAE					328	18	20	366
Técnica/o sup. en Documentación sanitaria		4			7			11
<b>XESTIÓN E SERVIZOS</b>								
Celadora/or		141	10	17	198	11	13	390
Enxeñeira/o técnica/o		4			3			7
PSX		38	2					40
Grupo auxiliar da función administrativa		80	5		118	6		209
Grupo de xestión da función administrativa		9	1		8			18
Grupo técnico da función administrativa	7				2			9
<b>TOTAL</b>	<b>7</b>	<b>486</b>	<b>31</b>	<b>17</b>	<b>1478</b>	<b>103</b>	<b>35</b>	<b>2157</b>

A Directora de RRHH expuxo que no ano 2018, se publicarán as convocatorias daquelas categorías que tiñan ofertadas prazas nas ofertas anteriores (2015 e 2016). Posiblemente categorías como TCAE esperarán a que na oferta de emprego de 2018 se inclúan máis prazas que se sumarían nunha única convocatoria.

Previsión para a oferta de emprego de 2018: comprométense a incluír as categorías de FEAs, persoal de xestión e servizos (mantemento, hostalería...) e demáis, que non tiveron oferta de emprego.